

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/16	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de maio de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 14:00 ata as 14:26 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario acctal. (Decreto 2022-0349)</b>	David García Lareo
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	NON
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Ratificación da urxencia da convocatoria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Aprobación da acta da sesión anterior: 19.05.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 19 de maio de 2022.

**Expediente 1749/2021. Subvencións Directas ou Nominativas - Axudas Municipais á Creación de emprego**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto, que con data 04 de maio de 2022, a Sra. Alba Fraga López, con DNI \*\*\*\*\*, con domicilio a efectos de notificación na rúa \_\_\_\_\_ Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto que con data 10 de maio de 2022, a Sra. Lourdes Melisa Osorio González, con DNI \*\*\*\*\*, con domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_ Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022

Visto que, achegan a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases as persoas solicitantes obteñen as seguintes puntuacións:

Alba Fraga López, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e contratación de persoal (muller): 3.000€

Lourdes Melisa Osorio González, por apertura de dous locais, tres altas no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, unha delas como familiar colaborador e contratación de persoal (muller): 3.900€

Vista a validación da intervención Municipal.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

1º Conceder á Sra. Alba Fraga López, por apertura de local, alta Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e contratación de persoal (muller) a subvención

solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 3.000€.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

2º Conceder á Sra. Lourdes Melisa Osorio González, por apertura de dous locais, tres altas no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, unha delas como familiar colaborador e contratación de persoal (muller) a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 3.900€

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade.

Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2021 ata 30 de novembro de 2022.

**Expediente 646/2022. Planificación e Ordenación de Persoal - PROPOSTA OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2022.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2022, que contén os seguintes postos de traballo:

QUENDA LIBRE, ESTABILIZACIÓN ( DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª):

PERSONAL FUNCIONARIO			
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	GRUPO
1	ARQUITECTO/A	AE	A1
1	TÉCNICO/A SUPERIOR ADL	AE	A1
6	ADMINISTRATIVO/A	AX	C1
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	AX	C2
4	LIMPIADOR/A	AE	AP
4	SUBALTERNO/A	AE	AP

1	AVOGADO/A	AE	A1
2	TÉCNICO/A MEDIO	AE	A2
1	PSICÓLOGO/A	AE	A2
2	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	AE	B
1	ANIMADOR/A DEPORTIVO	AE	C1
2	CONSERXE-SUBALTERNO/A	AE	AP
2	CONDUCTOR/A	AE	C2
1	OFICIAL ALBANEL	AE	C2
1	OFICIAL XARDIÑERÍA	AE	C2
1	AXUDANTE ELECTRICISTA	AE	AP
7	OPERARIO/A	AE	AP
38	TOTAL		

PROMOCIÓN INTERNA:

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	GRUPO
3	ADMINISTRATIVO/A	AX	C1
3	TOTAL		

**Expediente 638/2022. Planificación e Ordenación de Persoal - CRITERIOS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO NO CONCELLO DE SILLED A**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**ANTECEDENTES**

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8% no conxunto das administracións públicas españolas. Para isto, entre outras medidas, prevé que teña lugar un proceso de estabilización do emprego temporal das administracións públicas, mediante a convocatoria en determinados sectores de actividade, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposición.

Este proceso de estabilización, estrutúrase en dúas liñas principais:

- Por un lado, autorízase un proceso de estabilización de emprego público que inclúa todas as prazas de natureza estrutural que estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente, polo menos, nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

- Por outro lado, a posibilidade de convocar, polo sistema de concurso, aquelas prazas que estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

A Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública, do 1 de abril de 2022, establece determinadas orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

1.- A proposta que se achega ás organizacións sindicais recolle as prazas que van ser obxecto de estabilización, coa finalidade de completar a negociación iniciada na mesa celebrada o 11 de marzo de 2022.

Ten tamén por obxecto, de acordo co normativa antes referenciada, a fixación dos principios e criterios básicos que resultarán aplicables ao proceso de estabilización do emprego temporal a desenvolver no Concello de Silleda. E, todo ilo, coa finalidade última do fomento da estabilidade no emprego público municipal, mediante a articulación dunha única Oferta de Emprego Público, a publicar antes do 1 de xuño de 2022, e convocatoria dos procesos selectivos correspondentes, e con arranxo ás previsións e límites contemplados na Lei 20/2021.

2.- Este proceso basearase nos seguintes principios:

- Non poderá incrementarse o gasto nin os efectivos, debendo ofertarse, necesariamente, as prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

- Computarase o número de prazas obxecto de estabilización, e non o número de persoas que durante o tempo puideran ter ocupado tales prazas.

- O número de prazas a computar será un número fixo que terá como data de referencia o 31 de decembro de 2020.

- O sistema de concurso a que se fai referencia na Lei 20/2021, para a cobertura das prazas ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1/01/2016, realizarase por unha soa vez, dada a súa natureza excepcional.

3.- Considérase “ininterrompido”, nos termos recollidos tanto no artigo 2º como na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cando na praza obxecto de estabilización tivese lugar algún cambio na persoa que a ocupa, sempre que volva a ocuparse efectivamente nun prazo inferior a tres meses.

4.- Enténdese por prazas de natureza estrutural aquelas relativas a funcións recorrentes que se integran na actividade ordinaria e do normal funcionamento do Servizo de que se trate, incluíndo polo tanto, as prazas ligadas a programas ou actuacións que non gocen de sustantividade propia e diferenciada da actividade ordinaria.

5.- Neste proceso de estabilización inclúense as prazas ocupadas por persoas que fosen

declaradas como “persoal indefinido non fixo” a data 31 de decembro de 2020.

Por outra parte, o artigo 28 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia establece:

1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.

2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.

O cumprimento de Lei de estabilización supón ofertar as prazas, tanto se figuran na relación de postos de traballo como se non. Non obstante, o artigo 28 de Lei de emprego público de Galicia esixe que, salvo en circunstancias excepcionais, se creen con carácter previo os postos como postos de persoal funcionario.

6.- Son tamén obxecto de incluír no proceso de estabilización as prazas estruturais vacantes e ocupadas con persoal funcionario interino ou laboral temporal na data de entrada en vigor da lei, sempre e cando as persoas que as ocupen neste momento reúnan os seguintes requisitos:

a) que a data 01/01/2016 tivesen cinco anos como persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou

b) que a data 31/12/2020 tivesen tres anos como persoal funcionario interino ou laboral temporal

7.- As prazas a convocar polo proceso de estabilización, tanto por concurso como por concurso-oposición, segundo o caso, son as relacionadas e detalladas no Anexo I

8.- En cumprimento da Lei 20/2021 as prazas que se pretendan convocar polo proceso de estabilización deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público aprobada polo Pleno do Concello de Silleda, quen ademais autorizará a convocatoria dos procesos selectivos, tendo en conta o seguinte:

- O prazo límite para a aprobación da OEP é o 1 de xuño de 2022.

- A publicación da convocatoria dos procesos selectivos será antes do 31 de decembro de 2022.

- A resolución destes procesos selectivos deberá estar finalizado antes do 31 de decembro de 2024.

8.1.- As prazas a cubrir no proceso de estabilización deben ser ofertadas en base aos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade derivado dos anteriores.

8.2.- Nas convocatorias de prazas en procesos de estabilización, ao igual que en calquera outro proceso, é de aplicación a normativa sobre titulación académica ou profesional esixida.

8.3.- Desde o Servizo de Persoal do Concello notificarase, co correspondente acuse de recibo, a cada persoa empregada afectada de que a praza que desempeña vai a ser ofertada como “estabilización”, indicándolle que pode participar na convocatoria, na cal se indicará se a mesma se convoca por concurso ou por concurso-oposición.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA aprobar os criterios para a estabilización do emprego público no concello de silleda así como o seguinte Anexo I:

#### ANEXO I

	PERSOAL FUNCIONARIO	ESTABILIZACIÓN		
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	FORMA DE ACCESO SEGÚN LEI 20/2001	ESCALA	GRUPO
1	ARQUITECTO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
1	TÉCNICO/A SUPERIOR ADL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
6	ADMINISTRATIVO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AX	C1
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AX	C2
4	LIMPIADOR/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
4	SUBALTERNO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
1	AVOGADO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
2	TÉCNICO/A MEDIO	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A2
1	PSICÓLOGO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A2
2	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	B
1	ANIMADOR/A DEPORTIVO	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C1
2	CONSERXE-SUBALTERNO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
2	CONDUCTOR/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
1	OFICIAL ALBANEL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
1	OFICIAL XARDIÑERÍA	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
1	AXUDANTE ELECTRICISTA	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
7	OPERARIO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
38	TOTAL			

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

**Concello de Silleda**